



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 605
7 de febreiro de 2020



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

I 57343 (10/PPL-000043)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Proposición de lei de bebidas azucradas

[200698](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

Aprobación polo Pleno do Parlamento de Galicia do Ditame emitido pola comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

[200698](#)

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

I 62806 (10/MOC-000177)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de sanidade pública (Moción consecuencia da Interpelación nº 59917, publicada no BOPG nº 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)

[200698](#)

I 62867 (10/MOC-000178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 59959, publicada no BOPG nº 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020.)

[200699](#)

I 62916 (10/MOC-000179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do Sistema sanitario de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 59392, publicada no BOPG nº 572, do 4.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)

[200699](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

61990 (10/PNP-004619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020.

[200699](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

60646 (10/PNP-004519)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores

[200702](#)

60768 (10/PNP-004527)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas

[200702](#)

Rexeitamento da iniciativa

40693 (10/PNP-004271)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura de enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza aos centros públicos e privados concertados de ensino

[200703](#)

60188 (10/PNP-004496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos

[200703](#)



I 60792 (10/PNP-004529)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando en Lugo

[200703](#)**I 61815 (10/PNP-004598)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza

[200704](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO****Retirada iniciativa en comisión****I 47855 (10/PNC-003872)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados municipios turísticos e os xeodestinos de Galicia, así como o importe máximo da axuda por entidade beneficiaria

[200704](#)**Aprobación sen modificacións****I 8289 (10/PNC-000871)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre o inicio pola Axencia de Turismo de Galicia das xestións necesarias para o desenvolvemento dun estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago en Galicia

[200704](#)**Aprobación por unanimidade sen modificacións****I 26075 (10/PNC-002006)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración do Entroido de Viana do Bolo como festa de interese turístico nacional

[200705](#)

I 59832 (10/PNC-004776)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación en que se atopan a empresa Muebles Hermida, no concello de Lourenzá, e o seu persoal

[200705](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 53313 (10/PNC-004250)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco**

Sobre o desenvolvemento da rede de banda larga de internet en todo o territorio de Galicia

[200705](#)**I 61227 (10/PNC-004869)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación da empresa industrial Noa Madera Creativa

[200706](#)**I 61424 (10/PNC-004882)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Chao Pérez, Luca e Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar o mantemento dos postos de traballo na factoría de Coirós

[200706](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 4 de febreiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 57343 (10/PPL-000043)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Proposición de lei de bebidas azucradas

BOPG nº 548, do 17.10.2019

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

Aprobación polo Pleno do Parlamento de Galicia do Ditame emitido pola comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

O Pleno do Parlamento, na sesión do 4 de febreiro de 2020, aprobou, por 39 votos a favor, 0 en contra e 32 abstencións, o Ditame emitido pola comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 592, do 20.01.2020 (10/SCNP-000002)

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

- 62806 (10/MOC-000177)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de sanidade pública (Moción consecuencia da Interpelación nº 59917, publicada no BOPG nº 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)

BOPG nº 602, do 03.02.2020



Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 62867 (10/MOC-000178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 59959, publicada no BOPG nº 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020.)

BOPG nº 602, do 03.02.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 62916 (10/MOC-000179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do Sistema sanitario de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 59392, publicada no BOPG nº 572, do 4.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)

BOPG nº 602, do 03.02.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 6 abstencións.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 61990 (10/PNP-004619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020.

BOPG nº 594, do 22.01.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 41 votos a favor, 4 votos en contra e 29 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar perante o novo Goberno de España as demandas prioritarias fixadas no documento de Axenda Galicia aprobado polo Consello da Xunta de 31 de outubro de 2019, nomeadamente:



1. O pagamento da débeda pendente con Galicia no relativo á mensuralidade do IVE de 2017 aínda non transferida (200 millóns de euros) e aos incentivos ás comunidades con bo desempeño financeiro (170 millóns de euros).
2. A negociación dun novo sistema de financiamento autonómico que pondere nunha maior medida cuestións como o envellecemento e a dispersión da poboación, cun efecto directo no custo de prestación dos servizos e, en consecuencia, das necesidades efectivas de gasto.
3. A aprobación coa maior brevidade da comprometida Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico.
4. A defensa perante as institucións europeas da non diminución abrupta dos Fondos de Cohesión asignados a Galicia, así como a defensa dos intereses do noso sector pesqueiro no proceso de saída do Reino Unido da Unión Europea.
5. A realización en Galicia das infraestruturas ferroviarias pendentes, nomeadamente a finalización do AVE nos prazos comprometidos, así como as súas conexións con Lugo ou Vigo, os investimentos relacionados coa inclusión no trazado do Corredor Atlántico Europeo, as actuacións de intermodalidade nas estacións ferroviarias, a planificación do ancho de vía, o reforzo dos servizos de viaxeiros ou a integración dos servizos ferroviarios co sistema autonómico de transporte metropolitano.
6. A transferencia á Xunta de Galicia da titularidade da AP-9 e da AP-53, convenientemente financiadas para asumir os custos das actuacións, obras e rebaixas de peaxes comprometidas nelas, así como daquelas outras transferencias que, contando co apoio do Parlamento de Galicia, permitan unha mellor xestión desde a proximidade e dentro do marco constitucional e estatutario.
7. A realización dos restantes compromisos para atender as necesidades de Galicia en materia de estradas, particularmente as relacionadas coas autovías Lugo-Santiago, Ourense-Lugo, Vigo-O Porriño, A-8, A-57 ou autovía da Mariña así como actuacións demandadas noutras estradas como a FE-14, a variante de Pontearreas ou os tramos de concentración da accidentes identificados na rede estatal.
8. A execución e financiamento das obras hidráulicas de interese xeral do Estado, incorporando a estas o sistema de abastecemento da cidade de Vigo e da área sur da provincia de Pontevedra, así como a execución dos compromisos na dragaxe da ría do Burgo e a implicación das confederacións hidrográficas no apoio aos concellos para o exercicio das súas competencias en materia de augas.
9. Un trato respecto ao financiamento e asunción de débedas contraídas para as autoridades portuarias galegas que sexa igualitario co acordo que se ten contraído ao respecto da autoridade portuaria valenciana.
10. A aprobación coa maior brevidade posible dun estatuto para os consumidores electrointensivos que recolla as demandas efectuadas por Galicia, así como a posta en marcha do resto de medidas necesarias para favorecer un prezo eléctrico estable que permita a continuidade de empresas como Alcoa.



11. A posta en marcha, a través da integración de Galicia nos correspondentes convenios e plataformas europeas, de medidas efectivas para garantir unha transición ecolóxica xusta que evite o peche acelerado da central térmica das Pontes e busque unha alternativa industrial ao peche da de Meirama; ao tempo que se convoquen novas poxas de renovables que permitan incrementar aínda máis a potencia de enerxías renovables instalada en Galicia.

12. A adopción de medidas que rematen coas incertezas xeradas ao respecto do Regulamento da Lei de Costas e que garantan a continuidade das concesións o autorizacións de usos no dominio público-marítimo terrestre.

13. O remate da incerteza respecto ao futuro do sector da automoción, evitando incrementar a fiscalidade da tecnoloxía diésel e cumprindo o compromiso de conectar Vigo coa rede de transporte de 220 kV a través da subestación eléctrica de Balaídos, fundamental para a competitividade da industria da automoción galega.

14. A consecución de carga de traballo para os estaleiros públicos de Navantia ata que non comece o corte de chapa para o contrato das fragatas F-110, así como o impulso do estaleiro 4.0 e para reforzar a competitividade das instalacións de Navantia Ferrol.

15. A toma áxil de medidas en relación co sector pesqueiro, resolvendo as dificultades burocráticas derivadas da aplicación da nova normativa estatal en materia de control de horarios laborais e promovendo os cambios que permitan facilitar a concesións de axudas a confrarías a través do Fondo Europeo Marítimo-Pesqueiro.

16. O inicio dos traballos para un Pacto pola educación que garanta a estabilidade e reforce a equidade do sistema, priorizando a aprobación dun modelo de acceso á profesión docente semellante ao MIR e a coordinación entre as comisións encargadas de elaborar as probas de acceso á universidade co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades no conxunto do Estado.

17. A adopción de medidas para paliar a escaseza de profesionais da sanidade pública en prazas de difícil cobertura ou especialidades deficitarias como medicina de familia ou pediatría, comezando polas que xa foran acordadas en abril de 2018 polo Cnsello interterritorial.

18. O incremento da achega da Administración xeral do Estado no cofinanciamento das prestacións de dependencia ata chegar a ser equitativa coa que fai a Administración autonómica, así como o incremento da achega estatal para compensar os gastos de transporte en consideración ás particularidade do territorio galego.

19. A necesaria colaboración económica por parte do Goberno central para estender a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas.

20. A toma de medidas en materia de servizos sociais que permitan, por unha banda, compensar á Administración autonómica por gastos derivados de actuacións estatais (gastos das entidades que traballan coa discapacidade), recuperar fondos comprometidos que foron reducidos no actual exercicio (pobreza infantil, menores estranxeiros non acompañados), incrementar contías de programas insuficientes para atender a demanda actual en Galicia (plan concertado ou plan de desen-



volveremento xitano) e cumprir os compromisos relativos á participación estatal no Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con discapacidade.

21. A resposta á demanda conxunta de Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de creación dun novo xulgado do Social en Lugo.

22. En materia de seguridade, a incorporación de novos axentes á Unidade de Policía Adscrita a Galicia ata completar a súa dotación e a ampliación das taxas de reposición de efectivos que permitan levar a cabo a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades.

23. A axilización da execución dos fondos europeos destinados a cumprir os obxectivos de cobertura de banda larga fixados pola Unión Europea para 2020.

24. O apoio por parte da Administración xeral do Estado ás candidaturas galegas a Patrimonio Mundial (Ribeira Sacra, Cíes-Illas Atlánticas e Ferrol da Ilustración), así como o remate dos compromisos adquiridos con investimentos culturais como o Museo Arqueolóxico de Ourense, a Biblioteca de Vigo ou a estratexia de dotacións culturais e turísticas nos faros galegos.

25. A aprobación dun plan estratéxico por parte do Goberno de España para o Xacobeo 2021 que recolla o cumprimento de compromisos por parte da Administración xeral do Estado en materia de patrimonio cultural, seguridade viaria, promoción turística, delimitación e sinalización, así como a ampliación do Consello Xacobeo.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 60646 (10/PNP-004519)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores

BOPG nº 584, do 07.01.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a que, no exercicio das competencias que lle son propias, estableza un plan de xestión propio para a arte do xeito, de tal forma que se incrementen as posibilidades de pesca para o sector e se garanta á sustentabilidade da especie en augas interiores.»

- 60768 (10/PNP-004527)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias



de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas
BOPG nº 587, do 10.01.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Redondela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 40693 (10/PNP-004271)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura de enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza aos centros públicos e privados concertados de ensino

BOPG nº 548, do 17.10.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 3: rexeitados por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 2: rexeitado por 18 votos a favor, 41 votos en contra e 15 abstencións.

- 60188 (10/PNP-004496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos

BOPG nº 584, do 07.01.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 60792 (10/PNP-004529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando en Lugo

BOPG nº 587, do 10.01.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.



- 61815 (10/PNP-004598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza

BOPG nº 594, do 22.01.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 6 de febreiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Retirada iniciativa en comisión

- 47855 (10/PNC-003872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados municipios turísticos e os xeodestinos de Galicia, así como o importe máximo da axuda por entidade beneficiaria

BOPG nº 450, do 27.03.2019

Aprobación sen modificacións

- 8289 (10/PNC-000871)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e sete deputados/as máis

Sobre o inicio pola Axencia de Turismo de Galicia das xestións necesarias para o desenvolvemento dun estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago en Galicia

BOPG nº 109, do 03.05.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 1 voto en contra e 2 abstencións.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que a Axencia de Turismo de Galicia inicie as xestións necesarias para o desenvolvemento dun estudo que permita coñecer o impacto socioeconómico do Camiño.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 26075 (10/PNC-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración do Entroido de Viana do Bolo como festa de interese turístico nacional

BOPG nº 264, do 21.02.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de interese turístico nacional.
2. Realizar todos os trámites recollidos na Orde ITC/1763/2006, do 3 de maio, para solicitar ao Goberno de España a declaración do Entroido de Viana do Bolo como festa de interese turístico nacional.»

- 59832 (10/PNC-004776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación en que se atopan a empresa Muebles Hermida, no concello de Lourenzá, e o seu persoal

BOPG nº 576, do 13.12.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a mediar diante da crise na empresa Muebles Hermida, no concello de Lourenzá, na procura dunha solución que garanta o mantemento da actividade e os postos de traballo.»

Rexeitamento da iniciativa

- 53313 (10/PNC-004250)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco



Sobre o desenvolvemento da rede de banda larga de internet en todo o territorio de Galicia
BOPG nº 522, do 30.08.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 61227 (10/PNC-004869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación da empresa industrial Noa Madera Creativa

BOPG n.º 594, do 22.01.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 61424 (10/PNC-004882)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar o mantemento dos postos de traballo na factoría de Coirós

BOPG nº 594, do 22.01.2020

Sométese a votación xunto coa autoemenda do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 63258) e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2020

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

